



Procedemento
Código SIA
Expediente: PLN/2022/10
Trámite

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA REALIZADA POLO PLENO CON DATA VINTE E NOVE DE XUÑO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Cadro de asistencia	
Concelleiro/a	Asistencia
Juan Domingo de Deus Fonticoba	Asiste
José Miguel Mahía Prados	Asiste
Jorge Manuel Kuntz Peiteado	Asiste
Begoña Roldós Iglesias	Asiste
Ana Varela Bastida	Asiste
Argemino Varela Filgueiras	Asiste
María del Pilar Diaz Otero	Asiste
Iván Martínez González	Excusa a súa asistencia por motivos laborais
María Dolores González Lorenzo	Asiste
Irene Toimil Fernández	Excusa a súa asistencia
Ignacio Fernández Fernández	Asiste
José Ángel Martínez Bardanca	Asiste
Marta Ruiz del Ganso	Asiste

No Salón de Sesións do Concello pola Presidencia declárase aberta a sesión ás nove horas e cinco minutos.

1º.-SECRETARÍA.-APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓN ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 19.05.2022 (2022-0007) E 25.05.2022





(2022-0008).-Elévanse á aprobación do Pleno o borrador da acta da sesión extraordinaria realizada con data 19 de maio e da sesión ordinaria de 25 de maio de 2022, para os efectos de dar cumprimento ao establecido no artigo 91.1º do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

Non suscitándose debate ningún e non formulándose alegación ou observación ningunha, en votación ordinaria para cada unha delas, éstas quedan aprobadas polo voto favorable dos membros asistentes ás mesmas.

2º.- INTERVENCIÓN/FACENDA.- EXPEDIENTE 276/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 01/2022. O Alcalde cede a palabra á Secretaria que da conta dos principais antecedentes que constan no expediente 276/2022 aberto na ferramenta de administración electrónica Gestiona:

- Relación contable de facturas 2022-1; 2022-5 e 2022-8.
- Providencia de inicio do expediente asinada polo concelleiro delegado das área de Facenda de 13 de xuño de 2022.
- Informe de reparo emitido pola Intervención municipal con data 13 de xuño de 2022.
- Proposta do concelleiro delegado da área de Facenda asinada con data 13 de xuño de 2022.
- Ditame emitido pola Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá do que se da lectura extractada:

“... ”

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta formulada polo Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, de aprobación do Recoñecemento Extrajudicial de Crédito 01/2022, obrante no expediente, e a comisión informativa por 8 votos a favor (5 PP, 3 PSOE) e 5 abstencións (4 EU-SON EN COMÚN, 1 BNG), acordaditaminar favorablemente a proposta anteriormente citada, adoptando en consecuencia os seguintes acordos:

1º.-Levantar o reparo formulado pola Intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da presente proposta, e que afectan as seguintes relacións contables de facturas: Número de relación contable:F/2022/1

2º.-Aprobar o recoñecemento extrajudicial de crédito nº 01/2022 por un importe bruto total de 264.371,68 €. Os gastos correspondentes, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente, están incluídos nas relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8, que se relacionan a continuación:





Número de relación contable:F/2022/1

.....

3º.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas nas relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8 que se relacionan a continuación: Número de relación contable:F/2022/1

.....

4º.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal”

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá. Expediente xa elevado á consideración de Comisión Informativa, sendo na súa grande maioría facturas relativas a subministro eléctrico. O motivo da demora na súa tramitación ven asociado aos cambios tarifarios, adiantando que aínda está pendente algunha factura máis.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Destaca que non considera que o órgano competente para levantar os reparos sexa o Pleno correspondendo ao Alcalde. Igualmente sinala que puido axilizarse a súa tramitación e adianta o voto a favor do seu grupo.

Rematado o debate, en votación ordinaria, por oito votos a favor (5 PP+3 PSOE) e tres abstencións (2 EU-SON EN COMÚN+1 BNG), aoabeiro do establecido no artigo 217 e seguintes do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, o Pleno prestou aprobación á proposta dimitinada adoptando o seguinte acordo:

Primeiro.-Levantar o reparo formulado pola Intervención de acordo co informe que obra no expediente, e en base ás consideracións indicadas na parte expositiva da proposta formulada polo concelleiro de facenda, persoal e participación cidadá en data 13.06.2022, obrante no expediente, e que afecta á relación contable de facturas F/2022/1, que comezaco número de rexistro contable F/2020/2639 a nome de SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L., por importe de 4.861,96 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/878 a nome de AUTOMOCION VILAR DO COLO, S.L., por importe de 544,95 euros; á relación contable de facturas F/2022/5, que comezaco número de rexistro contable F/2022/30 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por





importe de 268,43 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/1143 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 112,36 euros; e árelación contable de facturas F/2022/8, que comeza co número de rexistro contable F/2022/32 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por importe de 265,93 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/674 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por importe de 8,44 euros.

Segundo.- Aprobar o recoñecemento extraxudicial de crédito nº 01/2022 por un importe bruto total de 264.371,68 €. Os gastos correspondentes, imputaránse aos créditos das partidas do orzamento vixente, están incluídos nas relacións contables de facturas F/2022/1, F/2022/5 e F/2022/8, reflexadas na proposta do concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de data 13.06.2022, obrante no expediente.

Terceiro.- Aprobar e dispoñer os gastos e recoñecer as obrigas correspondentes a exercicios anteriores, derivadas das facturas incluídas na relación contable de facturas F/2022/1 que comeza co número de rexistro contable F/2020/2639 a nome de SERVICIOS DEPORTIVOS GALICIA, S.L., por importe de 4.861,96 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/878 a nome de AUTOMOCION VILAR DO COLO, S.L., por importe de 544,95 euros; na relación contable de facturas F/2022/5, que comeza co número de rexistro contable F/2022/30 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por importe de 268,43 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/1143 a nome de NATURGY IBERIA, por importe de 112,36 euros; e na relación contable de facturas F/2022/8, que comeza co número de rexistro contable F/2022/32 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por importe de 265,93 euros, e remata co número de rexistro contable de factura F/2022/674 a nome de COMERCIALIZADORA REGULADA, GAS&POWER, S.A., por importe de 8,44 euros.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo á Intervención e Tesourería municipal.

3º.- CONTRATACIÓN/OBRAS E SERVIZOS.- EXPEDIENTE 1902/2021. RATIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 2022-0395 SOBRE APROBACIÓN PROXECTOS CORRIXIDOS POS+ 2022.- O Alcalde cede a palabra á Secretaría que da conta dos principais antecedentes que constan no expediente abertonaferramenta de administración electrónica Gestiona que se eleva a consideración deste órgano colexiado:

- Decreto de Alcaldía número 2022-0395 asinado con data 3 de maio de 2022.
- Proposta de Alcaldía asinada con data 19 de maio de 2022 elevada á consideración da Comisión Informativa de Obras, Servizos e Medio Ambiente quen en sesión ordinaria realizada con data 2 de xuño de 2022:





“ ...

1º.- Prestar aprobación, aoproxecto: “MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN EN APELÓN”, polo importe de 198.911,63 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira e asinado dixitalmente en data 26.04.2022, e que figura incluído na achega provincial 2021 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2022.

2º.- Prestar aprobación, aoproxecto: “MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTOS EN O CORUTO E BARCIAS”, polo importe de 118.579,79 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira e asinado dixitalmente en data 29.04.2022, e que figura incluído na achega provincial 2022 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2022.

3º.- Prestar aprobación, aoproxecto: “REURBANIZACIÓN DA AVENIDA DE GALICIA DENDE O CRUCE DA RÚA MERCADO ATA O ENCONTRO COREGATO DO CANO DA RÚA”, polo importe de 370.207,89 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira e asinado dixitalmente en data 26.04.2022, e que figura incluído POS+ COMPLEMENTARIO do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2022.

4º.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación dos proxectos, efectuada por acordo plenario do día 04.03.2022.

...”.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras e Servizos. Explica o motivo da elevación á consideración plenaria do expediente motivado nos requirimentos técnicos formulados dende a Deputación provincial.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Dá a benvida á nova Secretaría. Tras a abstención en previa Comisión Informativa, na derradeira sesión ordinaria votou a favor por considerar que todas as obras son necesarias nas que se contemplaban obras no parque de San Vitorio que agora desaparece da relación, descoñecendo se se trata dun erro.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. Sinala que a obra á que se refire o portavoz do grupo municipal BNG si está no expediente.

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras e Servizos. Explica que tan so se elevan novamente ao Pleno os tres proxectos nos que se tiveron que facer modificacións manténdose inalterados os restantes xa aprobados polo Pleno.





Debate:

Segunda quenda de intervencións:

O Alcalde toma a palabra para manifestar que no acordo que se adopte polo Pleno incluírase dita circunstancia matizando que se corríxen os sometidos a requirimento técnico e o resto se mateñen.

Jorge Manuel Kuntz Peiteado, concelleiro delegado de Obras e Servizos. No expediente así xa se recolle e manifesta que debe tratarse dun erro.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Se se inclúen os agora non recollidos, incluído o referido ao parque San Vitorio, o seu grupo votará a favor.

O Alcalde toma a palabra e manifesta que farase expresa referencia ao parque no acordo.

JoséÁngel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. O seu grupo votou a favor no mes de marzo e agora o fará así tamén. Pide que se fagan as cousas ben xa que pese a recoñecer que se poden cometer erros, se poden levar as cousas a tempo ás Comisións. Lembra que estas obras son do POS 2022 máis todas as que de anos anteriores están sen executar. Engadindo que se está a esgotar a lexislatura polo que pide premura na tramitación.

Rematado o debate, en votación ordinaria e por once votos a favor sendo trece o número legal de membros, o Pleno aoabeiro do establecido na disposición adicional segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, prestou aprobación a propostaditaminada adoptando o seguinte acordo:

Primeiro.- Prestar aprobación, aoproxecto: “MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTACIÓN EN APELÓN”, polo importe de 198.911,63 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira e asinadodixitalmente en data 26.04.2022, e que figura incluídonaachega provincial 2021 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2022.

Segundo.- Prestar aprobación, aoproxecto: “MELLORA DE SERVIZOS E PAVIMENTOS EN O CORUTO E BARCIAS”, polo importe de 118.579,79 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira e asinadodixitalmente en data 29.04.2022, e que figura incluídonaachega provincial 2022 do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2022.





Terceiro.- Prestar aprobación, aoproxecto: “REURBANIZACIÓN DA AVENIDA DE GALICIA DENDE O CRUCE DA RÚA MERCADO ATA O ENCONTRO COREGATO DO CANO DA RÚA”, polo importe de 370.207,89 euros, IVE incluído, redactado polo enxeñeiro Antonio J. Durán Maciñeira e asinado dixitalmente en data 26.04.2022, e que figura incluído POS+ COMPLEMENTARIO do Plan Provincial de Obras e Servizos (Plan único de concellos) POS+ 2022.

Cuarto.- Queda, en consecuencia, sen efecto a aprobación dos proxectos, efectuada por acordo plenario do día 04.03.2022 respecto dos modificados relacionados no presente acordo, manténdose inalterados os restantes aos que se refire o previo acordo adoptado en sesión extraordinaria urxente realizada con data 4 de marzo de 2022, incluído o proxecto “ACONDICIONAMENTO DO PARQUE INFANTIL DE SAN VITORIO”.

4º.- INTERVENCIÓN/FACENDA.- EXPEDIENTE 261/2022. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO ACORDO/CONVENIO ENTRE O CONCELLO DE MUGARDOS E REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A. NO QUE SE RECOLLEN OS COMPROMISOS ALCANZADOS ENTRE AS PARTES PARA A ADECUADA E COMPLETA EXECUCIÓN DOS EFECTOS QUE SE DERIVAN DA RESOLUCIÓN DO TEAC DE 28 DE MARZO DE 2019, NO QUE SE REFIERE Á TRIBUTACIÓN POR REGANOSA RESPECTO DO IAE DOS EXERCICIOS 2010 A 2021, AMBOS INCLUÍDOS. O Alcalde cede a palabra á Secretaria que da conta dos principais antecedentes que constan no expediente 276/2022 abertonaferramenta de administración electrónica Gestiona:

- Acordo do Tribunal Económico Central adoptado en sesión realizada con data 28 de marzo de 2019 (inclusión da actividade da recorrente REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A., nos epígrafes do IAE 123.1 e 123.2).
- Resolución estimatoria de rectificación censual ditada polo administrador AEAT de Ferrol de 28 de outubro de 2021, exercicios 2010 a 2021, do epígrafe 152 ao epígrafe 123.2 con efectos 01/01/2010.
- Informe de Secretaría de 10 de maio de 2022 no que se conclúe que non procede iniciar procedemento ningún de devolución de ingresos tributarios aoabeiro do establecido no artigo 221 da LXT para o inicio desteprocedemento.
- Borrador de convenio entre o concello de Mugar dos e REGASIFICADORA DEL NOROESTE, S.A., como no seu caso, acordo de resolución extraxudicial de conflitos de devolución de contías abonadas en relación ao recurso interposta pola indicada Sociedade ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Ferrol, con número 244/2021, respecto a la devolución de las cantidades mencionadas.
- Informe emitido pola Tesourería e Intervención da Deputación de A Coruña en exercicio labor de auxilio técnico.





- Informe de Secretaría de 30 de maio de 2022 e de Intervención de 5 de xuño de 2022 de fiscalización da proposta de convenio.
- Proposta elevada polo concelleiro delegado da área de Facenda, Persoal e Participación Cidadá de 6 de xuño de 2022 á Comisión Informativa de Facenda, Persoal e Participación Cidadá que en sesión extraordinaria realizada con data 10 de xuño de 2022 adopta ditame do que se da lectura extractada:

“ ...

Rematadas as intervencións, sométese a votación a proposta formulada polo Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, de data 06/06/2022, obrante no expediente, coa emenda introducida durante o debate polo voceiro do Grupo Municipal do PSOE, no sentido de substituír a palabra “promover” do punto II.1.e do Acordo entre o Concello de Mugardos e Regasificadora del Noroeste, S.A., pola palabra “colaborar”, que foi aceptada pola Alcaldía, e a comisión informativa por 5 votos a favor (5 PP), 4 votos en contra (4 EU-SON EN COMÚN) e 4 abstencións (3 PSOE, 1 BNG) acordaditaminar favorablemente a citada proposta do Concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá, coa modificación introducida durante o debate, anteriormente citada, adoptando en consecuencia os seguintes acordos: 1.- Aprobar o acordo/convenio que recolle os compromisos alcanzados entre as partes para a adecuada e completa execución dos efectos que se derivan da resolución do TEAC de 28 de marzo de 2019, no que se refire á tributación por Reganosa respecto do IAE dos exercicios 2010 a 2021, ambos incluídos, así como nos exercicios sucesivos e mediante a suasinatura se poñería fin ao recurso número 244/2021 sustanciado perante o Xulgado Contencioso Administrativo de Ferrol mediante a satisfacción extraprocesal das pretensións plantexadas en dito recurso, e en consecuencia ambas partes renunciarían a calquera acción administrativa ou xudicial en relación aos conceptos indicados ante calquera administración ou xurisdición, de acordo co seguinte texto:

...”.

Debate:

Primeira quenda de intervencións:

José Miguel Mahía Prados concelleiro delegado de Facenda, Persoal e Participación Cidadá.- Expediente xa elevado á consideración da Xunta de Portavoces e na Comisión Informativa para trasladar o borrador de acordo. A continuación o concelleiro pasa a realizar un relatorio dos principais antecedentes. Das diferentes accións xudiciais se foi dando traslado aos grupos así como da necesidade de chegar a un acordo que mitigue o posible dano económico para o concello, e así tras a Resolución ditada polo Administrador da AEAT en Ferrol se iniciaron as negociacións que dan lugar á proposta que agora se somete a Pleno. Constan no





expediente informes favorables de Intervención e Secretaría dos que destaca que ambos sinalan que se trata da solución menos gravosa para o concello e que non hai prexuízos económicos que o convenio cause ao concello. Engade que o acordo permitirá por fin ao recurso contencioso-administrativo interposto pola empresa. De seguido pasa a repasar os pronunciamentos da proposta de acordo para cada unha das partes e matiza que a compensación deberá ser solicitada por REGANOSA por canto non se aplicará de oficio polo concello, ao que se debe sumar o compromiso de achega dun millón de euros para a rehabilitación do cine Zárate.

E finaliza a súa intervención destacando que cada mes se incrementa a contía do importe a abonar en función dos intereses devengados polo que urxe adoptar un acordo.

Argemino Varela Filgueiras, portavoz do grupo municipal BNG. Destaca a contradicción ven que ao seu xuízo incorren os dous puntos da orde do día (tamén a moción). Comprende a preocupación do concello ante o recurso de REGANOSA e as consecuencias de que sexa estimado o recurso contencioso-administrativo e por outra banda tamén se está a reclamar unha actuación para o cine Zárate dende fai anos máis REGANOSA non vai a donar ese millón de euros xa que xa ten recoñecidos 500.000 euros e se lles vai a compensar case 700.000, a axuda xa vai de balde. E consideran que este acordo é unha chantaxe dunha empresa que se instalou chea de controversia e irregularidades. Non se sabe por que non se recorreu o fallo TEAC máis asume que non sabe se o concello estaría lexitimado. O certo é que vai a obviar o indicado no informe de Secretaría respecto da devolución de ingresos indebidos. Ao seu parecer o concello non incorre en ningunha irregularidade e se recadaba en función do epígrafe que tiña asignado a empresa a quen llo asignou a AEAT. E por iso considera que o que queda por resolver é quen é o responsable subsidiario final, concello ou AEAT que asignou o epígrafe.

José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE. REGANOSA está disposta a negociar pero en función da moción presentada e incluída na orde do día, solicita que se retire este punto e o seguinte e se forme unha comisión negociadora e o acordo resultante se aprobe por unha maioría ampla.

O Alcalde toma a palabra e indica que o día da presente sesión é importante co que se chega tras máis dunha década. Os argumentos esgrimidos polo concello teñen ido decaído e a AEAT da máis peso aos defendidos por REGANOSA. Hai que adoptar unha solución e o antes posible xa que cada mes o concello perde 15.000 euros en xuros e se conta con poucas “papeletas” para gañar e se ten negociado todo o que se podía. Tampouco se vai a por de acordo nun acordo de dous xa que cada parte ten o seu punto de vista. Deixar inversións fora é precipitado e a empresa pode ir a un contencioso que condene ao concello e perder as inversións futuras xa que REGANOSA non ten esa obriga. Polo que ou se quere ir a xuízo ou sacar proveito a un acordo que implica non sacar diñeiro das arcas municipais e compensar que é o mal menor e ademais posibilitar unha inversión que todos os grupos puxeron en





todos os programas municipais. Xa se ten solicitado que se condonase o 100% máis non o aproban. Se se quere que os avogados da empresa veñan ao Pleno e expoñan a súa opinión, non hai problema ningún. Este é un problema da corporación e a Alcaldía posibilitará esa reunión. Máis reiterando este asunto coloca ao concello en casilla de saída e perdas por 15.000 euros mensuais. Gustaríalle saber cáles son os problemas do convenio. Se está condonando un 86 % do importe das novas liquidacións. O concello non está nunha posición de forza e non se posúen argumentos legais que se podan facer valer. E considera que os mellores argumentos xa se fixeron valer. O accionariado da empresa é plural e con intereses diversos e non están pola labor. Non quere tomar unha decisión unilateral se non que debe ser consensuada e que debe ser valente, a mellor das decisións a tomar. E non se fai responsable das consecuencias de non aprobar o concello se non de por liñas vermellas coa empresa que quería o abono do 100%. E invita aos grupos a que plantexen alternativas de solución máis non se pode abrir unha comisión con todo o Pleno e pluralidade de partes con diferentes sensibilidades, situación que prexudicaría ao concello. E se pon a disposición dos grupos para trasladar as posicións á empresa.

A continuación, e a proposta do Alcalde e co compromiso do grupo municipal PSOE da reiterada do seguinte punto da orde do día, o Pleno da por retirado este punto da orde do día.

5º.- MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL PSOE RELATIVA AO CONVENIO SOBRE DEVOLUCIÓN DO IAE Á EMPRESA REGANOSA.-De forma acordada coa petición formulada no punto precedente da orde do día, o Alcalde procede á retirada da moción da orde do día.

6º.- MOCIÓN URXENTES.

Non se formulan.

7º.- SECRETARÍA.- RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA E CONCELLERÍAS DELEGADAS DENDE O DERRADEIRO PLENO ORDINARIO QUE COMPRENDE AS NUMERADAS ENTRE O 2022-0463 AO 2022-0603.

Non se realiza pregunta ou aclaración ningunha.

8º.- ROGOS E PREGUNTAS.

Dáse conta das preguntas formuladas polo grupo municipal PSOE (número rexistro de entrada 2022-E-RPLN-15), fóra do prazo marcado polo ROM.

A continuación José Ángel Martínez Bardanca, portavoz do grupo municipal PSdG-PSOE, formula os rogos seguintes:

- Na sesión plenaria do mes de maio preguntou polas medidas adoptadas para a limpeza das praias e detectado que haicuestións non resoltas, roga se solventen canto antes.





- En relación á Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, que esixe os municipios de máis de 5.000 habitantes implantar a recollida separada de biorresiduos antes do 30/6/2022, roga se adopten as medidas oportunas.

Toma a palabra Ignacio Fernández Fernández para en primeiro lugar dar a benvida á nova Secretaria e en segundo lugar para agradecer a actitude do Goberno municipal pola celebración do día do Orgullo no concello.

O Alcalde indica que o seu Goberno fai o que considera oportuno por sensibilidade.

Sendo as nove horas e cincuenta e sete minutos do vinte e nove de xuño de dous mil vinte e dous, o Presidente levantou a sesión estendéndose a presente acta da que como secretaria dou fe.

Mugardos, na data que figura na sinatura dixital á marxe

Visto e praxe
O alcalde
Juan Domingo de Deus Fonticoba

A secretaria
Paula E. Ramos Díaz

